



A LANTERNA MÁXICA

UNHA APROXIMACIÓN AO MUNDO
DO CINE E DA INTERPRETACIÓN



o proxecto



A LANTERNA MÁXICA
UNHA APROXIMACIÓN AO MUNDO
DO CINE E DA INTERPRETACIÓN


A Lanterna Máxica é un proxecto que xunta as vontades do **cinema** e do **teatro** a través de **obradoiros creativos** nos que se parte de textos do acervo cultural galego para seren representados e filmados. Estes obradoiros están destinados tanto a **institucións** (institutos, colexios, asociacións, museos, etc) coma a diversos **colectivos** da sociedade (nenos, anciáns, xente con afán por aprender, etc).

Trátase dun proxecto sustentado en tres dos pilares fundamentais para a formación persoal e cultural das persoas: a literatura, o teatro e o cinema.

- A **literatura**. Debido ás novas tecnoloxías vivimos un momento de cambios na forma en que a xente se achega ao ocio e á cultura. A literatura pouco a pouco vai quedando nun segundo plano e por iso A Lanterna Máxica parte de textos do noso acervo cultural para que xente os descubra e se sumerxa nos seus autores.

- O **teatro**. O teatro é a ferramenta que engarza coa literatura porque vai permitir que a xente “viva” eses textos. Asimesmo son ben coñecidas as ventaxas pedagóxicas e de formación da personalidade que ofrecen as artes escénicas. Actuar implica traballar en grupo, crear dende un mesmo e xunto aos compañeiros así coma facer fronte a inseguridades.

- O **cinema**. O cine é unha arte que sempre contou cunha potente capacidade de atracción. A Lanterna Máxica ofrece a posibilidade de que o teatro representado teña a finalidade de ser filmado, polo tanto permite coñecer as semellanzas e diferenzas entre as dúas disciplinas. Asimesmo o cinema só é posible facelo de maneira grupal, polo tanto é unha arte fundamental para repartir traballo en equipo, diferenciar roles e sentir a responsabilidade de traballar en grupo dunha maneira creativa.



versatilidade



Unha das características da Lanterna Máxica é a súa **versatilidade** para ser realizada en calquera lugar, soamente é necesario contar cunha sala ampla onde a xente poida moverse de maneira cómoda tanto nos entrenamentos teatrais coma durante a representación e a filmación.

En canto á tecnoloxía necesaria para a filmación das pezas os coordinadores do obradoiro contan con material propio de gravación, un equipo lixeiro que pode ser empregado

por dúas persoas e obter resultados de alta calidade.

A Lanterna Máxica pode levarse a cabo en forma de obradoiro breve ou en forma de obradoiro extendido no tempo, sempre en función dos obxectivos temporais das institucións ou colectivos que decidan contar cos seus servizos. Por iso ofrece, de entrada, **catro propostas básicas**.


- **Mini-obradoiro:** ten unha duración comprendida entre os sesenta minutos e as dúas horas.

- **Obradoiro breve:** pode durar unha mañá (catro horas) ou unha xornada completa (sete/oito horas).

- **Obradoiro avanzado:** pode durar de dous a cinco días, e pode estar composto por medias xornadas ou xornadas completas.

- **Obradoiro extendido no tempo:** marcaríase unha serie de sesións ao mes durante un tempo determinado.

A actividade presenta unha total adaptabilidade máis aló das marxes destas propostas que teñen un propósito basicamente orientativo. A cada proposta pódese engadir a posibilidade de facer entrega dun **vídeo resumo** da actividade.



metodoloxía


A estrutura básica dun obradoiro da Lanterna Máxica, sexa de curta duración ou sexa máis prolongado no tempo, consiste en tres partes ben diferenciadas:

- **Recepción, análise e estudo do texto.** Esta fase consiste na lectura do texto do que se parte. É lido, analizado e comentado polo grupo contando coa dirección dos

coordinadores do obradoiro.

- **Adestramento teatral e primeiras improvisacións.** Esta fase ten unha maior extensión. Consiste en adestramentos teatrais para incrementar a enerxía do grupo e comezar a xogar coas emocións e os sentimentos. Unha vez que a xente ten unha maior soltura e o grupo comeza a forxarse ten lugar o reparto roles para improvisar o contido esencial do texto. Desta maneira os asistentes ao obradoiro comezan a participar da creación, “viven” o texto e crean a materia prima dramática que sustentará a terceira fase.

- **Xogos, representación filmada e visualización do material.** A derradeira fase do obradoiro ten unha duración maior que a primeira parte pero inferior á segunda. Os coordinadores do obradoiro, en función dos resultados obtidos na segunda fase, propoñen xogos para reconducir as emocións do grupo e o tono da proposta de cara ao resultado final que se desexe obter. Para que a enerxía non se veña abaixo pola repetición procédese a gravar a escena xusto despois dos xogos. Desesa maneira obtense un produto final vivo e espontáneo. Por último, procédese a un visionado escena filmada seguido, á súa vez, dun pequeno debate.




os integrantes do proxecto

O proxecto **A Lanterna Máxica** componse por Rubén Pérez Pombo e Brian Rodríguez Cortiñas, dúas persoas moi activas na escena artística lucense.

Rubén Pérez. Licenciado en Filoloxía Hispánica, é actor e dramaturgo. Traballou como monitor, actor e director na compañía lucense Palimoco Teatro S.L. e na Aula de Teatro da USC no Campus de Lugo. Na actualidade participa

activamente no proxecto de microteatro Microefectos Dramatúrxicos así como na compañía Lucecús Teatro. Coordinou proxectos interdisciplinares, O Rincón Literario no xornal El Progreso de Lugo e diversos recitais poéticos. Tamén escribiu pezas como *O pescador de soños* ou performances como *Proxecto Actor* e *Os ollos de Xulia*. Nos últimos anos desenvolveu a súa vertente de xestor cultural coordinando o programa teatral Buxiganga, dende o que organizou máis de 50 cursos formativos e 400 funcións de teatro amador. Obtivo varios premios con diferentes montaxes da Aula de Teatro do Campus de Lugo así como pola peza *Emoticonas*, gañadora do 1º Certame de dramaturxia breve organizado pola A.C. A Pipa de Becerreá. En 2014 foi un dos integrantes da residencia artística Estudio Aberto #3 coa performance *Proxecto Actor*.

Brian Rodríguez. Licenciado en Humanidades pola USC e Máster en Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Contidos Audiovisuais pola UdV. Guionista, realizador e editor de vídeo. En 2011 traballou como editor do docusoap *Casamos!*, en 2014 co-editou o episodio piloto de *Onde está o Mago Antón?*, ambos programas foron emitidos na Televisión de Galicia. Dende 2007 ata a actualidade traballa como cámara, técnico e editor de vídeo freelance. Asimesmo tamén participa activamente no proxecto de microteatro Microefectos Dramatúrxicos como escritor, director, actor e técnico de audio e vídeo. En 2013 dirixiu a súa primeira curtametraxe, *Cambio de especie* (premio á mellor curta do Grotesque Film Festival) e en 2014 escribiu o guión de tres curtametraxes: *El catador*, *Lanafilia* (gañadora de tres premios no 48 Hour Film Festival Project A Coruña) e *2114*. Ese mesmo ano tamén dirixiu o sketch *Italo Disco Death*. Dende novembro de 2013 ata xullo de 2014 co-dirixiu o Grupo de Cine Microsoños.



A LANTERNA MÁXICA
UNHA APROXIMACIÓN AO MUNDO
DO CINE E DA INTERPRETACIÓN

alanternamaxica@gmail.com

Rubén: 620 782 381

Brian: 629 723 988